

ACTA NÚMERO: 12/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 30 DE MARZO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 30 de marzo de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 23 de marzo de 2023 (Reunión 11/2023).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Lospregos S.L. (B36326080) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de dúas actuacións do grupo Budiño con cargo ao Programa Musigal 2023. (Expte.- 2023010497)*
3. *Dar conta da oferta presentada pola sociedade REVENIDAS S.C. (J94117678) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo Xose Lois Romero e Aliboria con cargo ao Programa Musigal 2023. (Expte. 2023010498)*
4. *Dar conta da oferta presentada pola sociedade HARPAZUL PRODUCTIONS SC (J94062254) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao Programa Musigal 2023. (Expte. 2023010501)*
5. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación da asistencia técnica para a contratación dunha empresa especializada na execución do programa CONECTADAS 2023. (Expte. 2022070680)*
6. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe transversal no P.Q. 1+350 na E.P. 9601 Vilagarcía-Cea-Castrogundín (Concello de Vilagarcía de Arousa) (Expte. 2022072777)*
7. *Apertura electrónica dos sobre A correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación da renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos exptes FEDER EELL 2020-005815 e FEDER EELL 2020-005816 financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte. 2023008926)*
8. *Apertura electrónica dos sobres B correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto sara para a contratación da renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos exptes FEDER EELL 2020-005815 e FEDER EELL 2020-005816 financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte. 2023008926)*
9. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)" (Expte. 2022074028)*
10. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza" (Expte. 2022049711)*
11. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da*



- seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)" (Expte. 2022070657)
12. *Apertura dos sobres "único" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do contrato de obras "Adecuacións eléctricas e instalación de grupo electrógeno na instalación eléctrica de baixa tensión do Pazo Provincial" (Expte. 2020056108)*
 13. *Aprobación de valoracións acadadas no sobre "B", correspondente á proposta avaliable mediante criterios que precisen dun xuízo de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da "Prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra". (Expte. 2022058144)*
 14. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación da "Prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra". (Expte. 2022058144)*
 15. *Aprobación de valoracións acadadas no sobre "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios que precisen un xuízo de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe (Aprobación de valoracións acadadas no sobre "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios que precisen un xuízo de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe (Expte. 2022058142)*
 16. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe (Expte. 2022058142)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 23 de marzo de 2023 (Reunión 11/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 23 de marzo de 2023 (Reunión 11/2023).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Lospregos S.L. (B36326080) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de dúas actuacións do grupo Budiño con cargo ao Programa Musigal 2023. (Expte.- 2023010497).

Por Resolución Presidencial número 2023002069 de data 14/03/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de dúas actuacións do grupo Budiño con cargo ao Programa Musigal 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Lospregos S.L. (B36326080) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas



do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 14/03/2023.

A empresa Lospregos S.L. (B36326080) presentou a proposición con data 21/03/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

| | |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 21.400,00 € |
| IVE (21 %) | 4.494,00 € |
| Importe ofertado con IVE | 25.894,00 € |

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Lospregos S.L. (B36326080) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de dúas actuacións do grupo Budiño con cargo ao Programa Musigal 2023.

3. *Dar conta da oferta presentada pola sociedade REVENIDAS S.C. (J94117678) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo Xose Lois Romero e Aliboria con cargo ao Programa Musigal 2023. (Expte. 2023010498).*

Por Resolución Presidencial número 2023002071 de data 14/03/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Xose Lois Romero e Aliboria con cargo ao Programa Musigal 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á sociedade REVENIDAS S.C. (J94117678) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 14/03/2023.

A sociedade REVENIDAS S.C. (J94117678) presentou a proposición con data 23/03/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

| | |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 18.000,00 € |
| IVE (21 %) | 3.780,00 € |
| Importe ofertado con IVE | 21.780,00 € |



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola sociedade REVENIDAS S.C. (J94117678) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Xose Lois Romero e Aliboria con cargo ao Programa Musigal 2023.

4. Dar conta da oferta presentada pola sociedade HARPAZUL PRODUCTIONS SC (J94062254) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao Programa Musigal 2023.(Expte. 2023010501).

Por Resolución Presidencial número 2023002056 de data 14/03/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao Programa Musigal 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á sociedade HARPAZUL PRODUCTIONS SC (J94062254) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 14/03/2023.

A sociedade HARPAZUL PRODUCTIONS SC (J94062254) presentou a proposición con data 21/03/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

| | |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 33.000,00 € |
| IVE (21 %) | 6.930,00 € |
| Importe ofertado con IVE | 39.930,00 € |

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola sociedade HARPAZUL PRODUCTIONS SC (J94062254) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao Programa Musigal 2023.

5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación da asistencia técnica para a contratación dunha empresa especializada na execución do programa Conectadas 2023.(Expte. 2022070680).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 10/02/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Conectadas 2023.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10/02/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 23 de marzo de 2023 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- FOROX INNOVACIÓN S.L.U (B-27742014)
- XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)
- NASCOR FORMACIÓN SLU (B-65187569)

A Mesa de Contratación na reunión do día 23 de marzo de 2023 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados polas empresas admitidas

FOROX INNOVACIÓN S.L.U. (B-27742014)

1. Menor prezo ofertado por obradoiro:

| | |
|--|-----------|
| Importe sen o IVE: | 1.210,00€ |
| IVE (21 %): | 254,10€ |
| Importe ofertado por obradoiro: IVE engadido | 1.464,10€ |

2.- Persoal de xestión (inclúe a/o (1) responsable do programa, (3) persoas coordinadoras e (1) persoal administrativo con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº 5 persoa(s)

3.- Persoal de docencia con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero):



Nº 25 docente(s)

4.- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. SI non

XESTIÓN CULTURAL AÚREA S.L. (B-36.394.203)

1. Menor prezo ofertado por obradoiro:

| | |
|--|------------|
| Importe sen o IVE: | 1.215 € |
| IVE (.21 %): | 255,15 € |
| Importe ofertado por obradoiro: IVE engadido | 1.470,15 € |

2.- Persoal de xestión (inclúe a/o (1) responsable do programa, (3) persoas coordinadoras e (1) persoal administrativo) con formación en igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº cero persoal de xestión con formación en igualdade.

3.- Persoal de docencia con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero):

Nº 0 docente(s)

4.- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. Non

NASCOR FORMACIÓN SLU (B-65187569)

1. Menor prezo ofertado por obradoiro:

| | |
|--|------------|
| Importe sen o IVE: | 1.374 € |
| IVE (.21 %): | 288,55 € |
| Importe ofertado por obradoiro: IVE engadido | 1.662,59 € |

Persoal de xestión (inclúe a/o (1) responsable do programa, (3) persoas coordinadoras e (1) persoal administrativo) con formación en igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº 5 persoal de xestión con formación en igualdade.



3.- Persoal de docencia con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero):

Nº 0 docente(s)

4.- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. SI Non

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre B de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas.

O Secretario da mesa informa que o prezo ofertado pola empresa Nascor formación, supera o prezo de licitación, polo que de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas, na cláusula xeral 3.1. Orzamento base de licitación, *“As proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación, serán descartadas automaticamente”*.

As puntuacións totais acadadas foron as seguintes:

| | PUNTUACIÓNS | |
|--|------------------|------------------------|
| | FOROX INNOVACIÓN | XESTIÓN AUREA CULTURAL |
| Menor prezo obradoiro | 1,315 | 0,39 |
| Persoal de xestión con formación en igualdade | 25 | 0 |
| Persoal de docencia con formación en igualdade | 25 | 0 |
| Aportación docente de apoio ao titular naqueles talleres que haxa persoa con discapacidade | 10 | 0 |
| Puntuacións totais | 61,315 | 0,39 |

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ao órgano de contratación a exclusión da oferta da empresa Nascor Formación, S.L.U., xa que supera o prezo de licitación, polo que de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas, na cláusula xeral 3.1. Orzamento base de licitación, *“As proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación, serán descartadas automaticamente”*.



2. Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto convocado para a contratación dunha empresa especializada na execución do programa Conectadas 2023, que queda da seguinte forma:

| Posición | Empresas | Puntuación total |
|----------|-------------------------|------------------|
| 1ª | FOROX INNOVACIÓN S.L.U. | 61,31 |
| 2ª | XESTION CULTURAL AUREA | 0,39 |

3. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación dos Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Conectadas 2023 á empresa FOROX INNOVACIÓN S.L.U.

6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe transversal no P.Q. 1+350 na E.P. 9601 Vilagarcía-Cea-Castrogundín (Concello de Vilagarcía de Arousa) (Expte. 2022072777).

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2023001332 de data 16 de febreiro de 2023 aprobose o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da drenaxe transversal no P.Q. 1+350 na E.P. 9601 Vilagarcía-Cea- Castrogundín (Concello de Vilagarcía de Arousa)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16 de febreiro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 09/03/20223 procedeu á apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliabile mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe transversal no P.Q. 1+350 na E.P. 9601 Vilagarcía-Cea-Castrogundín (Concello de Vilagarcía de Arousa)".

As empresas admitidas foron as seguintes:



- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- DESMACO, S.L.
- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
- MONCOSA OHS, S.A.

Os valores ofertados foron os seguintes:

| LICITADORES | SOBRE ÚNICO | | | | |
|--|------------------|------------------|-------------------|-----------------|------------------|
| | OFERTA ECONÓMICA | CONTROL CALIDADE | PRAZO DE GARANTÍA | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. | 54.800,00 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L. | 54.696,57 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 51.323,75 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 51.658,80 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 55.193,55 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| NAROM, S.L. | 55.807,81 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO | 55.277,32 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. | 55.003,69 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |



| LICITADORES | SOBRE ÚNICO | | | | |
|------------------------------|------------------|------------------|-------------------|-----------------|------------------|
| | OFERTA ECONÓMICA | CONTROL CALIDADE | PRAZO DE GARANTÍA | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
| DESMACO, S.L. | 55.841,31 € | 1% | 12 MESES | SI | SI |
| MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. | 53.043,66 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| MONCOSA OHS, S.A. | 53.049,24 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. e MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que tanto CONSTRUCCIONES FECHI, S.L como MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., presentaran xustificación algunha da súa oferta polo que NON deben ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 300/03/2023, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

| LICITADORES | VALORACIÓN ECONÓMICA | PRAZO DE GARANTÍA | CONTROL CALIDADE | CERTIFICADOS 9001/14001 | PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO" |
|-----------------------------------|----------------------|-------------------|------------------|-------------------------|--------------------------|
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. | 9,50 | 10,00 | 10,00 | 5,00 | 34,50 |



| | | | | | |
|--|-------|-------|-------|------|-------|
| CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L. | 10,33 | 10,00 | 10,00 | 5,00 | 35,33 |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 5,91 | 10,00 | 10,00 | 5,00 | 30,91 |
| NAROM, S.L. | 0,31 | 10,00 | 10,00 | 5,00 | 25,31 |
| CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO | 5,15 | 10,00 | 10,00 | 5,00 | 30,15 |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. | 7,64 | 10,00 | 10,00 | 5,00 | 32,64 |
| DESMACO, S.L. | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 5,00 | 5,00 |
| MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. | 21,60 | 10,00 | 10,00 | 5,00 | 46,60 |
| MONCOSA OHS, S.A. | 21,57 | 10,00 | 10,00 | 5,00 | 46,57 |

A Mesa de Contratación acorda,

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. e MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Mellora da drenaxe transversal no P.Q. 1+350 na E.P. 9601 Vilagarcía-Cea-Castrogundín (Concello de Vilagarcía de Arousa)” que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | LICITADORES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------|------------------------------|------------------|
| 1 | MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. | 46,60 |
| 2 | MONCOSA OHS, S.A. | 46,57 |





| POSICIÓN | LICITADORES | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------|--|------------------|
| 3 | CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L. | 35,33 |
| 4 | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. | 34,50 |
| 5 | CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. | 32,64 |
| 6 | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 30,91 |
| 7 | CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO | 30,15 |
| 8 | NAROM, S.L. | 25,31 |
| 9 | DESMACO, S.L. | 5,00 |

3. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Mellora da drenaxe transversal no P.Q. 1+350 na E.P. 9601 Vilagarcía-Cea-Castrogundín (Concello de Vilagarcía de Arousa)” á empresa MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (CIF B36130649) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 53.043,66 €

IVE (21%) 11.139,17 €

Importe Total 64.182,83 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 5085) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación,



habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 2.652,18 €

7. Apertura electrónica dos sobre A correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación da renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos exptes FEDER EELL 2020-005815 e FEDER EELL 2020-005816 financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte. 2023008926).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 10/03/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER-EELL-005815 e FEDER-EELL-005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 10/03/2023 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14/03/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de



cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

| Empresas | Lotes aos que presenta oferta |
|---|-------------------------------|
| Electricidad INMAC Condado SL | 1 e 2 |
| Instalacións eléctricas Terca SLU | 2 |
| Elsamex Gestión de infraestructuras SLU | 1 e 2 |
| Formatesa Lalín SL | 1 e 2 |

8. Apertura electrónica dos sobres B correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto sara para a contratación da renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos exptes FEDER EELL 2020-005815 e FEDER EELL 2020-005816 financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte. 2023008926).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 30 de marzo de 2023 procedeu a efectuar a apertura electrónica dos sobres “A”, correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación da subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER-EELL-005815 e FEDER-EELL-005816 financiados nun 80 % polo FEDER a traves do POCS 2014-2020.

As empresas admitidas e os lotes os que presentaron oferta son os seguintes:



| Empresas | Lotes aos que presenta oferta |
|---|-------------------------------|
| Electricidad INMAC Condado SL | 1 e 2 |
| Instalacións eléctricas Terca SLU | 2 |
| Elsamex Gestión de infraestructuras SLU | 1 e 2 |
| Formatesa Lalín SL | 1 e 2 |

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” que presentaron as empresa admitidas, os técnicos do Servizo de Cooperación, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas aos diferentes lotes seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

9. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliada mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)” (Expte. 2022074028).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 3 de marzo de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

